

Interbarrios -3 de outubro 2011

Asisten: Agra, Palavea-Pedralonga e Santa Gema, Grupo de traballo dos Mallos, Oleiros e Cambre.

Orden do día

1. Información barrios e vilas
2. Preparación mobilización 15O
3. Varios.
  1. II Xuntanza Indignados.
  2. Protocolo Interbarrios.
  3. Camisetas.
  4. Plataforma Sanidade.
  5. Local xuntanza vindeira

#### 1- INFORMACIÓN DE BARRIOS E VILAS

- a) **Oleiros** informa que os e as compañeiras que viñan xuntándose decidieron a integración na assembleia de Cambre.
- b) **O grupo de traballo dos Mallos**, o sábado 8 e 15 poñen unha mesa informativa na praza ao final de Rúa Ramon Cabanillas para informar sobre o 15O.
- c) **Agra**, ten unha assembleia temática o día 13 para informar sobre o 15O as 19h30".
  - c. Agra propón que é necesario e imprescindible unha listaxe de correos das diferentes assembleias, porque algunhas non están recibendo as convocatorias das xuntanzas, e outra informacións importantes para a coordinación.
  - ci. Agra incide no tema do calendario común e aparte, como xa se falou na xuntanza anterior crear grupos transversais de comunicación e xurídico, na súa assembleia están apuntadas varias persoas para ambos grupos.
- d) **Palavea, Pedralonga e Santa Gema**, metiou por rexistro do Concello da Coruña o traballo que fixeron sobre as carencias dos barrios, o documento pode atopar aquí... <http://palavea.15m-acoruna.com/>.

## 2. PREPARACIÓN MOVILIZACIÓN 15O.

1. Se fai unha recopilación do plantexado na xuntanza anterior no marco da mobilización do 15O; facer cartaz noso, assembleas nos barrios e vilas sobre a convocatoria do 15O coas nosas propostas e nosas actividades.

a) Hoxe avanzamos no seguinte:

a.1. **O cartaz houbo puntos** de vista sobre poñer o non as figuras e cales, Torre de Hécules, María Pita, etc.....ao final decidiouse que as figuras non estiveran. Tamén preguntouse se pode ser que o fondo sexa en branco tamén para a xente que facemos os cartazes en blanco e negro.....preguntar a Xoxe que o entendido.

a.2. **A celebración da Xuntanza Indignada** na plaza de Maria Pita, e seu horario debatiouse chegando a un consenso sobre a súa celebración na plaza de Pontevedra, por varios motivos é de 12h a 17h30. Sobre a continuidade da actividade despois da manifestación coa ocupación da praza María Pita acordouse **FACER UNHA CONSULTA POR CORREIO AS DISTINTAS ASAMBLEAS DE BARRIOS E VILAS, E SI SE FORMA UN GRUPO DE TRABALLO QUE CONSIDERE QUE PODE LEVAR A** **sua CONTINUIDADE DESPOIS DA MANIFESTACIÓN, QUE** o formen e **ELES INFORMARAN A DELEGACION DO GOBERNO** solicitando o permiso.

Sobre como **encher de contido as horas do sábado 15O na praza**, decidiouse enviar un correo as distintas assembleas para que formen un grupo transversal e preparen os contidos. Os contidos apuntáronse algunhs aspectos sobre os que levamos traballando xa, como é a Educación, o Ensino ou reforma constitucional.....ou a estrutura da I xuntanza de Cambre o lúns que ven se pechará o tema.

a.3. Facer un **Comunicado** para os repartos e utilización nas distintas assembleas, o borrador o fai Ro, enviará a proposta hoxe o mañá e ten que estar rematado o venres.

a.4. **Assembleas dos Campus** sobre o 15O, se fai incape que ten que ser os xóvenes os que decidan facelo pero claro está que non estarán so. Se contactará con os xóvenes, para quedar e preparar as assembleas que poden ser para o 11-12 da semana que ven.....

## 3. VARIOS.

1. II Xuntanza Indignados. É necesario ter esta segunda xuntanza organizativa, porque están aparecendo problemas organizativos como en todo ser vivo. A realidade mudou, e cambia constantemente, Indignados en moitos lugares do mundo e de feito vamos a unha mobilización mundialllllllllll e estamos vendo na práctica que cada grupo de traballo, cada assemblea, etc ten a súa forma de visualizar as cousas, de facer, de reflectir sobre os acontecementos e esta moi ben, e o que un principio foi provisional e serviu agora comenza a mudarse de forma empírica sen un razonamento nin un obxectivo e como din por ahi a historia non é algo inmobil.....**Esta proposta é moi importante trasladarla** aos barrios e vilas, .....a data está a confirmar co que digan os barrios e vilas.

2. **Protocolo de Coordinadora de Barrios e Vilas.** Acordouse que cada barrio e vila elabore un borrador de protocolo provisional para debater na vindeira coordinadora, que nos sirva ata II Xuntanza.
3. **Camisetas,** se recolle diñeiro de Agra 166,50€, Palavea, Predalonga e Santa Gema 80€, Cambre 50€ e Xu. 20€. Agra e Cambre elixiron a camisola do despertador.
4. **Acordouse facer a lista de correos que propón Agra** para a información das distintas assembleas de barrios e vilas (o fai Olalla).
5. **Cambre informa que o 27 de outubro** hai unha mobilización convocada pola Plataforma pola Sanidade Pública, e que na manifestación da Ría falaron con o Responsable da plataforma e informa que queren contar con nosco para elo.....plantexan unha assemblea no obelisco. **Nós propoñemos levar e consultar ás assembleas que considermos que o mellor lugar para facerla na Abente e Lago, que sufriu recortes este verán.**
6. Local ou lugar próxima xuntanza.....non temos consultar por correo .....